

---

2001, pp. 39-50

## O “*Forum Limicorum*”

MANUEL GARCÍA VALDEIRAS<sup>1</sup>

### Resumen:

El presente artículo pretende ser el resumen de un trabajo de investigación que intenta esclarecer la localización y adscripción crono-cultural de un yacimiento arqueológico –el “*Forum Limicorum*”– que se considera de gran importancia para conocer el proceso de romanización de una comarca ourensana: la Limia Alta.

### Abstract:

This article pretends be the abstract of a work of investigation that attempt to clarify the localization and crono-cultural attachment of an archaeological field –the “*Forum Limicorum*”– that the author considers of great importance in order to know the process of romanization of the Limia Alta district (Ourense, Galicia).

Ó xacemento que tratamos dáelle na historiografía o nome de “*Civitas Limicorum*” ou “*Forum Limicorum*”, está situado nunha ladeira occidental do “*Monte do Viso*”<sup>2</sup>, propiedade de veciños das aldeas de Nocelo da Pena e Lodoselo e pertencentes, a súa vez, ó concello de Sarreaus. Os habitantes das proximidades danlle o nome de “*A Cidá*”. Dende o século XVIII, e gracias á obra de González de Ulloa (GONZÁLEZ DE ULLOA, 1950), está considerado como a capital dos *Limici*, o pobo prerromano que ocupou, e deu nome, a esta parte do Noroeste peninsular.

A ubicación da capital dos límicos no xacemento de “*A Cidá*” non é compartida por tódolos investigadores, sobre todo despois dos importantes achados na vila de Xinzo de Limia<sup>3</sup> que a convirten na outra “alternativa” para situar a capitalidade dos límicos durante o período galaico-romano (XUSTO RODRÍGUEZ, 1999. RIVAS FERNÁNDEZ, 2000). Máis que entrar na polémica sobor da localización correcta do

---

<sup>1</sup> Universidade de Vigo

<sup>2</sup> Do latín *vicus* = barrio.

<sup>3</sup> Tamén se podería incluír entre as posibles localizacións o enorme castro de Morgade ou a luxosa vila de Parada de Outerio no concello de Vilar de Santos.

*"Forum Limicorum"*, o que pretende o traballo de investigación é, en primeiro lugar, recopilar e comenta-las fontes escritas que fagan referencia ó *populus dos limici*, recopila-los epígrafes aparecidos na *"Cida"*, ou no seu contorno, dándolles un significado dentro do complicado contexto arqueolóxico do monte do Viso, onde se misturan achados dende a Idade do Bronce, como o acobillo de *Roufeiro*, ata restos de época alto-medieval.

Tendo en conta que a presente exposición é un breve artigo, intentarase dar un resumo coas principais conclusións, ás que cheguei, e os aspectos que se consideren máis novedosos con respecto o estudo deste xacemento, ou millor sería falar de xacementos como logo se verá.

En primeiro termo hai que falar da *"Cida"* propiamente dita, ou *"Cerca"*, como tamén lle chaman os veciños de Nocelo da Pena. A *"Cerca"* é un castro do que aínda se poden observar os restos dunhas potentes murallas que nalgúns puntos superan os 4 m de altura; éstas semellan ser máis débiles pola cara Sur, donde as defensas naturais son máis fortes, a cara W. foi afondada na rocha durante este presente século; destaca a potencia da muralla oriental donde o pequeno espolón sobre o que se asenta o castro se une co resto da serra, neste mesmo sector da muralla tamén se poden observa-los restos do que parece ser unha torre defensiva da entrada natural do asentamento; ós pes do mesmo hai un marco contemporáneo de formigón para sinala-la división entre os montes parroquiais de Nocelo da Pena e Lodoselo, primeira proba de que o castro é unha referencia obrigada de demarcación territorial; a fotografía aérea<sup>4</sup> ampliada permite apreciar perfectamente os paramentos defensivos que circundan todo o asentamento e facer un calculo aproximado das súas dimensións, cuns 100 m. escasos de diámetro; o interior está bastante cuberto pola vexetación (sobre todo na zona S-E) pero nos escasos claros apreciase o abundante derrumbe, tanto da muralla como das construcións interiores (pódense intentar adiviñar as formas, circulares na maioría dos casos e algunha cuadrangular), semella ter unha pequena coroa ou aterramento na zona oriental; o asentamento estaría ben servido de auga por un manantial que nace os seus pes, máis concretamente na cara S-W; polo N e o S está bordeado por sendos regatos; a altitude media do xacemento é de 780 m.s.n.m.<sup>5</sup>. Antes de seguir hai que comentar que si ben este asentamento da *"Cerca"* non posue unhas grandes dimensións, o topónimo *"A Cida"* exténdese pola caída N-W incluíndo as *"Minas das Ermidas"* e a *"Ermita de san Pedro"* (Fig. 1) das que logo falaremos; unha proba da extensión do asentamento son as grandes cantidades de materiais –cerámica común romana e castrexa decorada, escorias de ferro, tégulas, ímbrices, sigillatas, vidros, ladrillos de forno, etc– recollidas durante a realización de labouras agrícolas por un veciño de Nocelo da Pena<sup>6</sup> no lugar denominado *"Fonte do Mouro"* a 700 m. dirección N-W dende *"A Cerca"*, estes materiais poden ser considerados tranquilamente como de arrastre, pois tamén nos terreos da *"Fonte do Mouro"* pódese observar unha zanja de rego de 40 m. de longa por máis dun metro de profundidade e anchura, que non mostra ningún


<sup>4</sup> I.G.N. voo nacional escala 1/30.000 ABR-85 H.M.N. 264 pasada L N<sup>o</sup> 0010.

<sup>5</sup> Coordenadas xeográficas: lonxitude: 7<sup>o</sup> 34' 00", latitude 42<sup>o</sup> 04' 16". M.T.N. 1:25.000, Trasmiras 264-IV.

<sup>6</sup> D. Valeriano Álvarez López, a quen agradezo enormemente a posibilidade de estuda-los materiais por él recollidos.

**Figura I.**

Plano coa situación dos distintos xacementos e restos dentro do Monte do Viso



tipo de estrutura. Posiblemente “A Cerca” non sexa máis que a acrópole fortificada dun asentamento máis extenso.

En segundo lugar hai que facer referencia a un importante achado arqueolóxico que a primeira vista non ten nada que ver co denominado “*Forum Limicorum*”. En 1911 dáse a coñecer no *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, a aparición en Nocelo da Pena, máis concretamente “no sitio chamado **Roufeiro**”, dunha panoplia de armas de cobre, datables no Bronce Inicial e postas en paralelo tipolóxico coa cultura do Argar por Florentino López Cuevillas (LÓPEZ CUEVILLAS, 1925). No referente ás circunstancias do achado só se di que estaban metidos dentro dunha vasixa de barro ordinario desgraciadamente desaparecida, a vasixa sería posta ó descuberto por unha levada de auga. *Roufeiro* é un regato (chamado Roupeiro en realidade) que corre de E a W pola linde S do monte do Viso (a pouco máis de 1 km. da Cidá en dirección S); na aldea de Nocelo, algúns veciños contan que xunto coa ola que contiña as armas apareceron máis “cacharros” e moedas. Os cacharros rotos tiráronse e as moedas foron gardadas e logo vendidas. Roupeiro foi utilizado como lavadeiro de estaño e de Wolframio ata ben entrados os anos 50, polos veciños da aldea; se ben o achado de 1911 foi o máis importante e o único coñecido, non foi o primeiro nen o último, xa que en datas moito máis recentes téñense recollido escorias de ferro; na actualidade o regato e casi inaccesible na súa parte superior mentres que na inferior e chaira está moi modificado polas canalizacións da concentración parcelaria. Do anterior pódese sacar algunha conclusión: o depósito foi realizado nunha etapa bastante posterior á da fabricación das pezas, probablemente no período galaico-romano; a súa función segue sen estar clara, puidendo consideralo un depósito ritual ou ben como un simple montón de chatarra de cobre utilizada para refundila co estaño extraído da zona e producir bronce.

No párrafo anterior mentouse unha das claves para clarificalo contexto arqueolóxico do Monte do Viso: o estaño. Nun espacio inferior ós 4 km<sup>2</sup>, e sen ter realizado unha prospección intensiva, atópanse catro grupos de **minas** e dous regatos utilizados como lavadoiros (Roupeiro e o Regueiro do Lobo). Na ladeira occidental da “Cerca” están as “Minas das Ermidas” (posible referencia a Ermida de san Pedro da que logo falaremos); o longo do Regueiro do Lobo atopámonos coa Mina Grande e a Mina Pequena de Lodoselo; ó mesmo pé do castro, a poucos metros da muralla oriental, encóntrase unha mina en forma de “L” excavada a pico entre penedos graníticos, a pesar de estar moi cuberta de vexetación a simple vista parece a máis grande de todas, o contrario que o resto non foi reutilizada nos anos corenta para a explotación do Wolframio. Debido a cercanía do castro, e sen haber atopado quen dera outra denominación, decidín denominala provisionalmente como “Mina da Cerca”. Os veciños que traballaron na reexplotación de estas minas de evidente antigüedad, durante os anos corenta e cincuenta para a extracción de Wolframio (mineral asociado co estaño), contan que se atopaban abundantes “olas, cacharros de barro, moitos cans (moedas pequenas), e algunha moeda grande de prata” que lle eran entregadas ó responsable das minas<sup>7</sup>,


<sup>7</sup> O meu agradecemento para Dña. Andrea Carneiro Aguiar, veciña de Nocelo da Pena, polas súas atentas e interesantes informacións.

intentouse segui-la pista destes materiais pero a familia do antedito señor afirma non ter coñecemento do paradeiro dos mesmos<sup>8</sup>; sen embargo, consérvase un achado, procedente das minas, do máis interesante: unha ara, que nos vai introducir no apartado dedicado á epigrafía.

A finais dos anos corenta, durante as labours de extracción de Wolframio na Mina Grande de Lodoselo (que na obra de Domerge (DOMERGE, 1987, 413-414) aparece denominada como "Louviño") foi descuberta unha ara (Fig. 2), posteriormente foi estudada por Rodríguez Colmenero (RODRÍGUEZ COLMENERO, 1987,

### Figura II.

Representación, con calco do campo epigráfico, da ara de Lodoselo



<sup>8</sup> O meu agradecemento para D. Xosé Luís Martínez Carneiro, veciño de Nocelo da Pena, polas molestias tomadas.

170-171) quen ofrece a seguinte lectura e traducción: *Rebrus / pro* <sup>(9)</sup> *Cl(audius) / Ulc(i) (Filius) / Cal(aicus) V(otum) L(ibens) A(nimo) S(olvit)*. “Cláudio Núsio Galaico, filho de Ulcio ofereceu a Rebruspro este altar com ánimo alegre”. Tendo sempre en conta a difícil lectura do epígrafe, sobre todo das liñas 1 e 3, creo ler sen embargo, outra cousa, podendo aportar unha posibilidade distinta de traducción: *Vlpus / Proc(urator) L(ibertus) / Aug(usti) V(otum) L(ibens) A(nimo) / Cal(endas) Vl(i)as*. A traducción: Ulpus Procurador liberto de Augusto fixo este voto con ánimo alegre nas calendas de xullo. De ser correcta esta nova lectura estaríase diante dun altar ofrecido por un **procurator metallorum**; os “procuradores de metais”, libertos imperiais, son figuras administrativo-económicas creadas no s. II que funcionarían como “delegados” dos procuradores provinciais pertencentes á orde ecuestre. Rodríguez Colmenero data a inscrición no s. II e do s. II son os dous epígrafes máis coñecidos do xacemento, dúas lápidas dedicadas pola “Civitas Limicorum” ós emperadores Adriano e Antonino<sup>10</sup>. Coñécese o nome dun liberto *procurator metallorum* chamado Ulpus Eutyches que actuou no N-W peninsular baixo o reinado de Adriano e era designado como “procurator metallum alboc” (estaño) (TRANOY, 1981, 186-187). Hai que insistir en que a lectura da 1ª e 3ª liñas é moi difícil, nembargantes, a nova traducción semella ser a máis coherente e a que mellor cadra coas circunstancias do achádego do monumento e co evidente contexto mineiro do asentamento<sup>11</sup>.

Aparte da ara e as dúas lápidas arriba mentadas, o monte do Viso proporcionou, ata o momento, un importante **conxunto epigráfico**: nove epígrafes entre os que se inclúen unha lápida dedicada á deusa Nabia e outra a Xupiter (desaparecida) (LORENZO FERNÁNDEZ, 1968, 74,85). Un epígrafe curioso e discutido, é o coñecido como “ara da tricivitas”, unha peza bastante erosionada e fracturada polos catro lados; está completamente traballada e con figuras nas dúas caras, cunha composición de tres persoaxes nunha cara e dous na outra. En contra da opinión da maioría dos autores que estudaron este monumento (LORENZO FERNÁNDEZ, 1968, 28. RIVAS QUINTAS, 1985, 235-236. RODRÍGUEZ COLMENERO, 1987, 156-158) e tendo en conta principalmente as características morfolóxicas, creo que Juan Carlos Rivas está no certo cando afirma que estamos ante unha estela funeraria bifronte e non unha ara. Tamén dun contexto funerario, pero cronolóxicamente máis tardío, parecen proceder tres epígrafes, en xisto pizarroso, de lectura practicamente imposible, están localizados actualmente nunha casa en ruína de Lodoselo, o paralelo máis probable para as tres inscricións son as denominadas “pizarras visigodas” aparecidas en León e na Meseta Norte dende contextos tardorromanos ata ó s. VIII (VÁZQUEZ SORIANO, 1989).

A estela bifronte e os tres epígrafes alto-medievais condúcennos á localización da **necrópole** do asentamento, pois como a maioría das inscricións ás que nos referimos, formaban parte dunha pequena ermida, hoxe desaparecida, consagrada

<sup>9</sup> Máis recentemente na 2ª edición de *Aquae Falviae*, Rodríguez Colmenero presenta unha nova lectura da primeira liña lendo “Lebruspro” onde antes lía “Rebruspro”, lectura que non cambia en moito a súa anterior interpretación.

<sup>10</sup> C.I.L., 2516-2517.

<sup>11</sup> O actual dono do ara é D. Rudesindo Blanco Iglesias, veciño de Lodoselo, a quen agradezo á amabilidade a hora de poder estudar-lo monumento.



á honra de san Pedro. Estaría situada aproximadamente a uns 600 m. en dirección N-W dende “A Cerca”, o lugar recibe tamén o nome de “A Cidá” ou máis comunmente “San Pedro”. A mellor descripción do sitio dánola González de Ulloa (GONZÁLEZ DE ULLOA 1950, 131-132):

*“A un cuarto de legua del lugar–Nocelo da Pena–, en un alto y en el pecho del monte, que se llama Do Viso, hay un llano, como de dos millas de circunferencia, que nombran la Cidade. En medio de este plano, está una ermita dedicada al Apóstol San Pedro, y en su frente, a los dos lados de la puerta, hay dos inscripciones muy legibles con caracteres romanos –as lápidas na honra de Adriano e Antonino–.*

*Estando yo por abad en Santa Eulalia de Chamosiños empecé a comprar los primeros tomos de la “España Sagrada”, que comenzó a publicar mi difunto amigo el maestro Flórez, y leyendo en el tomo IV, pág. 304, la variedad de opiniones sobre la patria del insigne obispo Idacio, acordéme haber visto, cuando estaba de abad de Perrelos, las citadas inscripciones. Participé la noticia a dicho P. Maestro, y por su orden las he copiado después legalmente. Remítiselas y las dió al público al principio del tomo XII de su erudita y curiosa obra, en donde pueden verse, por cuyo documento asiente el autor que estuvo en este sitio la ciudad Límica, patria de Idacio y capital de todas estas poblaciones, a las que dominaba<sup>12</sup>.*

*Encuétranse en este sitio varias monedas antiguas de plata y de gran bronce, de las cuales he-tenido algunas que remití al mismo Flórez para su curioso monetario (...). Hállanse también por aquel recinto varias cuevas subterráneas –as minas das Ermidas–, hornillos de ladrillo –¿forniños de fundición?– y muchas urnas de piedra –¿sepulturas medievais?–. Aun acuerdo allí un pedazo de torre bien fabricada de unas cinco varas de alto que acabaron de deshacer algunos sedientos del oro, (...), pero solamente encontraron el desengaño universal en un sepulcro de piedra con su cubierta y alguna tierra dentro. He medido algunas veces esta piedra y tenía el hueco más de diez palmos de los míos (...).“*

En concreto medía 1’60 m., trátase dunha sepultura antropomorfa de tipo trapezoidal excavada na rocha (Fig. 3); Domerge tamén menta a necrópole de san Pedro ó falar da mina de Louviño, (“...la nécropole qui se trouve au voisinage de la chapelle de Saint Pierre et d’où proviennent des “tegulae” garantit la présence romaine en ces lieux”) (DOMERGE 1987, 413-414.). En definitiva, as probas acumúlense para clasificar “san Pedro” como unha necrópole galaico-romana que perdura ata a alta Idade Media. Pero a necrópole non é o único xacemento alto-medieval do entorno do monte do Viso, como veremos a continuación.

A uns escasos 400 m. en dirección S dende “A Cerca”, existe unha formación de penedos graníticos en espolón que reciben a denominación de **“Castelos do Corniño”**<sup>13</sup>, un xacemento xa catalogado como medieval, a simple vista pódese apreciar a súa excelente defensibilidade natural e control visual sobre a chaira

<sup>12</sup> Esta idea será retomada, xunto coas inscricións, por Marcelo Macías na súa obra “Civitas Limicorum”, e a partir de entón pola inmensa maioría dos investigadores que pasarán a identificar este xacemento co “Forum Limicorum” de Ptolomeo.

<sup>13</sup> Coordenadas xeográficas: lonxitude- 7º 33’ 57”, latitude 42º 04’ 04”. M.T.N. 1:25.000, Trasmiras 264-IV.

**Figura III.**

Sepultura antropomorfa de s. Pedro



**Figura IV.**

Foto interpretación da vista frontal, dende o W, do Monte do Viso





limiá, tamén se poden observar restos de cerámica moi vasta de grao groso, marcas de canteiría nos penedos, penas rebaxadas, unha "R" insculpida e abundante cascallo así como pedras labradas. Non se pode determinar claramente si o xacemento é, polo que parece a simple vista, un castelo roqueiro ou un asentamento máis extenso; cronoloxicamente so queda comentar que na primeira documentación medieval que se coñece para a zona, o "**Tombo de Celanova**", a referencia máis antiga é para Escornabois, a aldea veciña de Nocelo polo S, nun documento datado no 950<sup>14</sup>; Nocelo e Lodoselo non aparecen mentados ata finais do s. XI<sup>15</sup>, na documentación que abarca esta cronoloxía méntase varias veces o topónimo de *Kenderendi* baixo a denominación indistinta de *castrus* e *vila*, así como o *rivulo Kenderendi* (o Roupeiro moi probablemente), localizando entre as vilas de *Scornaboves* (Escornabois), un comprobado castro galaico-romano (RODRÍGEZ COLMENERO 1977. GARCÍA VALDEIRAS 1994.), e *Lotorello* (Lodoselo) o que na miña opinión é unha proba bastante clara para concluir que o castro/vila de *Kenderendi* se localizaba nos Castelos do Corniño.

Unha primeira conclusión ante tódolos datos anteriores é a de que no Monte do Viso hai un asentamento galaico-romano, con posible raíces anteriores, de gran importancia mineira, concretamente estannífera, e que parece perdurar ata polo menos o s. VIII, como parece proba-la súa necrópole. A importancia mineira do xacemento habería que contrastala, e encadrala, con outros xacementos de similares características na comarca, dende o "Castro do Outeiro de Baltar" ata as minas de Baldrei en Maceda; estes xacementos proban que a Limiá, aparte da súa evidente potencialidade agrícola, tiña unha gran atractivo estannífero, só comparable na provincia ourensá coa Terra de Montes.

Pode parecer a primeira vista que a funcionalidade do asentamento do Viso está clara: un castro mineiro. De este modo quedaría relegada a posibilidade de se-la localización do "Forum Limicorum", sen embargo, ó analiza-los requisitos que debería posuír unha "capitalidade comarcal" galaico-romano, as dúbidas voltan a aflorar. A importancia económica está probada polos recursos mineiros, pero a economía non é so minería, para Caro Baroja (CARO BAROJA, 1943,46.) os foros son mercados dos diferentes *populus* que servirían de centro económico e comercial nas relacións internas e externas con outros *populus*; para favorecer esto último os foros deberían estar situados perto dunha linde comarcal e non no centro da comarca. A 700 m. ó E da "Cerca" está o "Marco dos Valentés"<sup>16</sup>, un enorme menhir con cruces de termo, no medio dun paso natural da serra e donde se unen tres concellos (Sarreaus, Laza e Cualedro) e dúas comarcas a Limiá Alta e o Val do Támega. O outro factor de importancia é o relixioso, pois no mundo antigo o económico sempre vai unido co sagrado, é agora cando hai que falar de "**A Pena**", a mesma que da nome ó pobo de Nocelo da Pena, como o seu nome indica é unha impresionante pena de granito con outra máis pequena apoiada facendo un refuxio natural; arredor dela hai penas máis pequenas, algunha delas con petroglifos a base de coviñas insculpidas na parte máis alta e inaccesible; arredor da "Pena"

<sup>14</sup> *Tombo de Celanova* 1995, doc-93.

<sup>15</sup> *Tombo de Celanova* 1995, docs-287,457.

<sup>16</sup> Coordenadas xeográficas: lonxitude- 7º 33' 20", latitude- 42º 04' 20". M.T.N. 1:25.000, Trasmiras 264-IV.

tamén se xuntan un montón de lendas, dende as máis comúns de mouros, a outras máis concretas que fan referencias a ritos de propiciación da fertilidade; na propia pena pódense observar rebaixes artificiais como posible apoio de estruturas e restos de tégula e cerámica de diversas orixes no "refuxio" antes mentado, para rematar co tema da "Pena" non quixera deixar de mentar que a ermida cristianizadora do entorno está adicada a honra de san Pedro, a "primeira pedra da igrexa", polo que se daría un proceso de "asimilación onomatopéica". Un dato que tamén pode xogar en favor da potencialidade relixiosa do Viso son os regatos que nel nacen, conta D. González de Ulloa *"Hállanse en este monte varias fuentes de agua bellísima, y de ellas hace el origen del Limia el mapa del maestro Oxea, que he visto en la celda de Flórez"* (GONZÁLEZ DE ULLOA 1950, 133). En honra á verdade, son tantos os regatos que nacen nesta vertente da dorsal oriental da comarca que non se pode saber a ciencia certa en qué punto nace o río Limia, pero o monte do Viso presenta unha das mellores opcións sobre todo se lembramos que eiquí se atopou un epígrafe na honra de Nabia deidade das augas (TRANOY 1981, 282), esto unido á posibilidade da existencia dun lugar de culto de tipo panteísta en torno "A Pena" que ben podería ser unha "sagrada pedra comunal" ou "altar rupestre da comunidade" as cuais según Pena Graña deberían localizarse no Foro, capital política, económica e relixiosa da tribu (PENA GRAÑA 2001, 112) reforzaría a importancia do asentamento do Viso dentro do territorio dos *Limici*.

En conclusión hai os suficientes indicios para supoñer que o "Forum Limicorum" é "A Cidá" de Nocelo da Pena; se ben ésto non se pode afirmar categoricamente, "A Cidá" segue aportando as mellores posibilidades sobre todo tendo en conta que toda está cantidade de información (mateirais, epígrafes, xacementos), é froito, na súa práctica totalidade de achados casuais, non de unha procura sistemática con base na disciplina arqueolóxica, como unha prospección intensiva ou unha escavación como é o caso de Xinzo de Limia cuíos resultados, por outro lado, non son nada concluíntes para poder "trasladar" o *Forum Limicorum*.

## Bibliografía:

- ABÁSULO ALVAREZ, J. A.; PÉREZ RODRÍGUEZ-ARAGÓN, F. (1995). "Arqueología funeraria en Hispania durante el Bajo Imperio y la época visigoda" en *Arqueoloxía da morte*, Fábregas Valcarce, Pérez Losada e Fernández Ibáñez (eds). Xinzo da Limia, pp 291-306.
- ANDRADE CERNADAS, J. M. (1995). *O Tombo de Celanova*. Santiago de Compostela.
- BAÑOS RODRÍGUEZ, G. (1994). *Corpus de inscripcions romanas de Galicia. (II provincia de Pontevedra)*. Santiago.
- BENDALA GALÁN, M. (1995). "Necrópolis y ritual funerario en la Hispania Altoimperial" en *Arqueoloxía da morte*. Xinzo da Limia, pp 277-90.
- BRAVO BOSCH, M<sup>ra</sup>. J. (1995). *Evolución histórica y régimen jurídico en las explotaciones mineras en la Gallaecia romana*. Ourense.
- CARO BAROJA, J. (1943). *Los Pueblos del Norte de España*, Madrid.
- De la CASA MARTÍNEZ, C. (1995). "La muerte en la Edad Media peninsular" en *Arqueoloxía da morte*. Xinzo de Limia, pp 307-16.
- CASTRO PÉREZ, L.; GARCÍA VALDEIRAS, M. (1996). "A prehistoria de Ourense" en *Historia de Ourense*. A Coruña, pp 22-64.
- DOMERGUE C. (1987). *Catalogue des mines et des fonderies antiques de la Péninsule Ibérique*. Madrid.
- D' ENCARNAÇÃO, J. (1979). *Epigrafía latina*. Coimbra.
- FARIÑA BUSTO, F.; XUSTO RODRÍGUEZ, M. (1997) "O ara de Xinzo de Limia e a súa contextualización", en *Boletín Auriense* XXV, pp 61-80.
- FERRO COUSELO, J. (1972). "Estatuas sedentes y una columna miliaria de Xinzo de Limia", *Boletín Auriense* II, pp 329-35.
- GARCÍA y BELLIDO, A. (1980). *España y los españoles hace dos mil años*. Madrid.
- GARCÍA VALDEIRAS, M. (1994). "A percura dun asentamento alto-medieval en Escornabois", en *O Rumor da Fraga* 7, pp 20-21.
- GARCÍA VALDEIRAS, M. "O denominado *Forum Limicorum* de Nocelo da Pena. Galaicos e romanos na Limia Alta" en *Actas do Congreso na honra de Ferreira de Almeida*, Santiago de Compostela 1997 (no prelo).
- GONZÁLEZ CARCÍA, F. J.; BRAÑAS ABAD, R. (1995). *Galicia romana*. A Coruña.
- GONZÁLEZ de ULLOA, P. (1950). "Descripción de los estados de la casa de Monterrey en Galicia (1777)", *Cuadernos de estudios gallegos, (Anejo IV)*. Santiago.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X. M. (1987). "Las tumbas romanas de Galicia", en *Pontevedra Arqueológica* II, pp 209-28.
- HIDACIO (1974). *Cronicón*. Comentario e traducción ó francés de ALAIN TRANOY. París.
- De JUANA, J. (dir.) (1993). *A Alta Limia*. Vigo.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1925). "Os oujetos argáricos do Museu d' Ourense" no *Boletín de la Real Academia Gallega* 172, pp 97-107.
- LORENZO FERNÁNDEZ, J. (1968). *Inscripciones romanas de Galicia*, IV. Santiago.
- MACIAS, M. (1899). "Civitas Limicorum", *Boletín de la comisión provincial de monumentos históricos y artísticos de Orense*, 1. Ourense.
- MARCO SIMÓN, F. (1996). "Romanización y aculturización religiosa: los santuarios rurales" en *A cidade e o mundo: romanización e cambio social*. Reboveda Morillo, López Barja (eds). Xinzo de Limia, pp 81-100.
- NUÑEZ CONTRERAS, L. (1994). *Manual de paleografía*. Madrid.
- PEREIRA MENAUT, G. (1991). *Corpus de inscripcions romanas de Galicia, (I provincia de A Coruña)*. Santiago.
- PENA GRAÑA, A. (2001) . *O berce da bisbarra galega territorio político celta prerromano e medieval*. Tese de licenciatura pola Universidade de Santiago de Compostela (inérita).
- REBOREDA MORILLO, S. (1996). "Historia antiga" en *Historia de Ourense*. A Coruña, pp. 66-116.

- RIVAS FERNÁNDEZ, J. C. (1983). "Sobre la identidad de la supuesta ara romana de las "Tricivitas"", *Boletín Auriense*, XIII. Ourense, pp. 75-98.
- RIVAS FERNÁNDEZ, J. C. (2000) "O Foro dos Límicos. Xinzo, Epicentro de Camiños en Época Romana", *Lethes*, nº 2. Xinzo de Limia, pp. 62-73.
- RIVAS QUINTAS, E. (1985). *A Limia: O val de Antela e val do Medo*. Ourense.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1972). "Sobre los pueblos prerromanos del Sur de Galicia", *Boletín Auriense*, II. Ourense, pp. 193-240.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1977). *Galicia Meridional Romana*. Deusto.
- RODRÍGUEZ COMENERO, A. (1987). *Aquae Flaviae*. Chaves.
- ROMERO MASIA, A.Mª.; POSE MESURA, X.M. (1987). *Galicia nos textos clásicos*. A Coruña.
- TRANOY, A. (1981). *La Galice romaine*. París.
- VELÁZQUEZ SORIANO, I. (1989). *Las pizarras visigodas*. Murcia.
- V.V.A.A. (1991). *Tabula Imperii Romani, (hoja K-29: Porto)*. Madrid.
- V.V.A.A. (1990). *Hispania Epigraphica 2*. Madrid.
- V.V.A.A. (1993). *Hispania Epigraphica 3*. Madrid.
- XUSTO RODRÍGUEZ, M. (1997). "Da lenda ó Patrimonio Histórico: A Igrexa Vella de Xinzo de Limia". *Auria*, nº 7. Ourense, pp. 25-27"
- XUSTO RODRÍGUEZ, M. (1999). "O núcleo urbano de Xinzo de Limia (Ourense) e as súas orixes romanas", *Actas del Congreso internacional sobre los orígenes de la ciudad en el Noroeste Hispánico*. Lugo, pp. 1291-1304.
- XUSTO RODRÍGUEZ, M. (2000). "Santa Mariña: Un Fito Patrimonial no Centro Histórico de Xinzo", *Lethes*, nº 2. Xinzo de Limia, pp. 74-93.